		Nº DE PLANO	**3.17K**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro da Cortiña Vella	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Sestelo	X	520.764
PARROQUIA:	ISORNA (SANTA MARÍA)	Y	4.724.611
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de granito no interior dunha finca particular dunha vivenda situada xunto á Igrexa Parroquial de Sta. María (A-10) e á casa reitoral (A-11).
Plataforma de tres chanzos e base prismática sobre a que se ergue un fuste de sección cadrada. Capitel troncopiramidal inverso decorado con motivos vexetais, no que apoia unha cruz de sección circular e aspecto leñoso, cun cristo no anverso e unha virxe no reverso.
Cruceiro (C-54) ao outro lado da vía. No contorno da Igrsa parroquial de Santa María de Isosrna e o seu cruceiro, A-10 e C-58.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-045**
		Nº DE PLANO	**2.27**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro da Lagarteira	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Sestelo	X	520.618
PARROQUIA:	ISORNA (SANTA MARÍA)	Y	4.724.638
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	MALO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Antigo cruceiro de granito situado sobre o acceso ao lugar da Lagarteira, fronte á fonte do mesmo nome (L-14).
Tan só se conserva parte do fuste de sección cadrada, sobre unha base con toro e escocias apoiada nunha plataforma de dous chanzos.
Cerca da fonte, á beira do Regato de Quintás, atópanse un muíño (M-11) e un lavadoiro (L-20).

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-046**
		Nº DE PLANO	**3.17K**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro da Praza	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Sestelo	X	520.851
PARROQUIA:	ISORNA (SANTA MARÍA)	Y	4.724.608
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de granito situado no centro da praza de Sestelo, no camiño á Igrexa Parroquial de Sta. María (A-10).
Está asentado sobre un penedo de granito sobre o que se alza un fuste octogonal que remata nun capitel cúbico adornado con volutas e motivos vexetais.
Cruz latina de sección cadrada con remates nos extremos, que presenta no seu anverso un cristo e unha virxe no reverso.
No contorno da praza, atópanse dúas vivendas catalogadas (B-15 e B-16). No contorno de protección do petroglifo GA 15072059.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-047**
		Nº DE PLANO	**3.18K**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro da Rocha	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Isorna	X	520.368
PARROQUIA:	ISORNA (SANTA MARÍA)	Y	4.724.202
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963





Cruceiro de granito situado no acceso sur do Parque de Isorna (O-6), xunto á fonte (L-17).
Plataforma de tres chanzos e base cuadrangular con toros e escocias, sobre a que se alza un fuste octogonal.
Capitel troncopiramidal inverso decorado con volutas, rostros de querubíns e cunchas, que sostén unha cruz de sección octogonal e remates nos extremos, cun cristo no anverso e unha virxe no reverso.
Existe outro cruceiro (C-56) no acceso norte ao parque, xunto a un lavadoiro (L-19).

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-048**
		Nº DE PLANO	**2.28**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro de Agro de Telleira	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Agro de Telleira	X	522.430
PARROQUIA:	ISORNA (SANTA MARÍA)	Y	4.725.166
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SREPC		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963





Cruceiro de granito, situado nunha finca á beira do río Ulla, xunto á Ponte de Catoira.
Plataforma de dous chanzos e base prismática sobre a que se ergue un fuste de sección cadrada.
Capitel troncopiramidal inverso con escenas en baixorelevo e cruz de sección cadrada cun cristo no anverso e unha virxe no reverso.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-049**
		Nº DE PLANO	**3.18K**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro de capeliña de Ferreiro	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Isorna	X	520.420
PARROQUIA:	ISORNA (SANTA MARÍA)	Y	4.724.285
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de capeliña situado nun extremo da praza central do núcleo, fronte á cruz (C-56) xunto o acceso ao Parque de Isorna (O-6).
Plataforma tres chanzos sobre a que apoia directamente un fuste octogonal.
Capela con remate troncopiramidal que alberga dúas imaxes e cruz superior de sección octogonal con remates nos vértices e un cristo no anverso.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-050**
		Nº DE PLANO	**3.17K**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro de Gómez	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Sestelo	X	520.942
PARROQUIA:	ISORNA (SANTA MARÍA)	Y	4.724.626
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de granito situado no cruce de camiños por fora do peche da Casa da República (B-14), no acceso leste do núcleo. Plataforma de dous chanzos e base prismática con relevos xeométricos nas catro caras.
Fuste octogonal con sección cadrada no contacto coa base, e capitel troncopiramidal inverso decorado con volutas e rostros de querubíns.
Cruz latina de sección circular e aspecto leñoso, cun cristo no anverso e unha virxe no reverso.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-051**
		Nº DE PLANO	**2.21**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro de J. Gómez	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	A Vacariza	X	521.850
PARROQUIA:	ISORNA (SANTA MARÍA)	Y	4.726.133
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SREPC		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de granito situado á beira do camiño que une os dous centros de A Vacariza. Está situado no interior dun recinto de planta rectangular delimitado por muretes.
Plataforma de dous chanzos e base cadrada de dous corpos, con toro e escocias superiores e inscricións nos catro lados do volume inferior, coa data de construción do cruceiro (1907).
Fuste octogonal de sección cadrada no contacto coa base e capitel decorado con formas vexetais e rostros de querubíns.
Cruz de sección circular e carácter leñoso cun cristo no anverso e unha virxe no reverso.
Ao sur do cruceiro, xunto ao regato, atópanse unha fonte e lavadoiro (L-18) e un muíño (M-14).

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-052**
		Nº DE PLANO	**2.33**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro do Cabo	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Quintáns	X	521.345
PARROQUIA:	ISORNA (SANTA MARÍA)	Y	4.723.853
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SREPEN		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963





Cruceiro de granito situado á beira do río Ulla, no extremo leste do núcleo. Forma parte dun viacrucis xunto co sitema de cruceiros do Cabo Patiño (C-43), situado ao sur.
Plataforma de tres chanzos sobre a que se ergue un fuste octogonal con sección cadrada no apoio.
Capitel troncopiramidal inverso con volutas nos extremos e cruz de sección cadrada con relevos nos extremos e cun cristo no anverso e unha virxe no reverso.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-053**
		Nº DE PLANO	**3.18K**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro do Costado	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Isorna	X	520.503
PARROQUIA:	ISORNA (SANTA MARÍA)	Y	4.724.399
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de granito situado no extremo norte do núcleo, sobre unha plataforma cadrada.
Base cúbica e fuste octogonal cun pequeno capitel decorado baixo a cruz de sección cadrada cun cristo no anverso.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-054**
		Nº DE PLANO	**3.17K**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro dos Rivela	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Sestelo	X	520.766
PARROQUIA:	ISORNA (SANTA MARÍA)	Y	4.724.640
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de granito situado á beira da estrada principal do núcleo, nun cruce de camiños ao norte da Igrexa Parroquial de Sta. María (A-10).
Plataforma de dous chanzos e base cúbica sobre a que se ergue un fuste octogonal con sección cadrada no apoio.
Capitel troncopiramidal inverso decorado con volutas e rostros de querubíns.
Cruz de sección circular e aspecto leñoso cun cristo no anverso e unha virxe no reverso.
Existe outro cruceiro (C-44) na outra marxe do camiño, localizado no interior dunha finca.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-055**
		Nº DE PLANO	**2.21**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro vello de capeliña de A Vacariza	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	A Vacariza	X	521.775
PARROQUIA:	ISORNA (SANTA MARÍA)	Y	4.726.023
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SREPPX		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de granito situado á beira dun camiño o sur do núcleo, cerca do muíño (M-14).
Cruceiro con capela sobre plataforma de dous chanzos e fuste octogonal moi groso.
Capela coa imaxe dunha virxe, apoiada sobre un capitel troncopiramidal inverso con relevo frontal.
Cruz de brazos de sección cadrada con remates nos vértices e un cristo no anverso.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-056**
		Nº DE PLANO	**3.18K**
DENOMINACIÓN:	Cruz do Parque	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Isorna	X	520.400
PARROQUIA:	ISORNA (SANTA MARÍA)	Y	4.724.251
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro sen imaxes, situado na praza do núcleo, xunto ao acceso norte do Parque de Isorna (O-6).
Plataforma de dous chanzos e cruz latina de sección cadrada, cun ensanchamento no apoio.
Lavadoiro (L-19) e fonte (L-17) no interior do parque, cun cruceiro no acceso sur (C-47).

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-057**
		Nº DE PLANO	**2.27**
DENOMINACIÓN:	Cruz na Casa da República	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Sestelo	X	520.999
PARROQUIA:	ISORNA (SANTA MARÍA)	Y	4.724.683
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SRPO		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963





Cruz de granito asentada sobre un penedo, a un lado do acceso á Casa da República (B-14), situada ao norleste do núcleo. Existe outro cruceiro (C-50) á beira da estrada, no cruce principal á entrada de Sestelo.
Cruz latina sen imaxes, de sección cadrada e brazo inferior mais longo apoiado directamente sobre o penedo.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-058**
		Nº DE PLANO	**3.17K**
DENOMINACIÓN:	Viacrucis no adro da Igrexa Parroquial	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Sestelo	X	520.800
PARROQUIA:	ISORNA (SANTA MARÍA)	Y	4.724.590
TITULARIDADE:	INSTITUCIONAL		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Viacrucis sobre o muro perimetral do adro da Igrexa Parroquial de Sta. María (A-10). Cruces franqueando o acceso dende a rúa e o acceso á casa reitoral (A-11) situada detrás da igrexa. Cruces sen imaxes apoiadas sobre bases cúbicas, de brazos sección cadrada cas arestas achafranadas e relevos nos vértices.
Existen varios cruceiros (C-44, C-46 e C-54) no contorno da igrexa, situados a ambos lados da estrada principal do núcleo.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-059**
		Nº DE PLANO	**3.23E**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro de capeliña da Fonte	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Brión	X	516.932
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.721.807
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de capeliña ao lado da fonte de Brión (L-22), situado nun cruce, no camiño que atravesa o núcleo e leva ao Pazo de Brión (B-23) e á capela (A13).
Plataforma de catro chanzos, sobre a que se ergue un fuste de sección cadrada coas arestas achafranadas e detalles nos extremos superiores.
Capeliña sobre capitel troncopiramidal inverso con molduras que ten no seu interior dúas representacións figurativas.
Coroando a capela unha cruz de sección octogonal con remates nos extremos e cun cristo no anverso.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-060**
		Nº DE PLANO	**3.23E**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro da aldea	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Brión	X	516.836
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.721.705
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR	BIC	
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137	Decreto 571/1963	



Cruceiro de granito situado xunto a un hórreo (H-11), á beira da estrada principal que atravesa o núcleo.
Plataforma de tres chanzos sobre a que apoia directamente un fuste de sección cadrada coas arestas achafranadas con remates nos extremos.
Capitel troncopiramidal inverso con molduras, que sostén unha imaxe dun santo.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-061**
		Nº DE PLANO	**3.23F**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro da aldea maldita	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Abuín	X	517.414
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.721.703
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963





Cruceiro de granito situado ao noroeste do núcleo.
Está asentado directamente sobre un penedo, con fuste de sección cadrada coas arestas achafranadas.
Tan só se conserva parte do capitel, de formas pouco definidas.
O nome fai referencia ás historias que se contan da época da Inquisición, xa que por esta zona se escondían ladróns tras saqueos pola zona de Cambados.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-062**
		Nº DE PLANO	**3.20H**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro da Regalada	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Meiquiz	X	518.780
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.723.382
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963





Cruceiro de granito situado ao sur do núcleo. Plataforma de tres chanzos e base prismática sobre a que se erque un fuste octogonal de sección cadrada no apoio. Capitel troncopiramidal inverso decorado con volultas, rostros de querubíns, e decoración vexetal.
Cruz de sección circular e aspecto leñoso cun cristo no anverso e unha virxe no revesto.
Fronte o cruceiro, un hórreo (H-13), situado no interior dunha grande finca.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-063**
		Nº DE PLANO	**3.23F**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro de capeliña da Veiga	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Brión	X	517.245
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.721.890
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963





Cruceiro de granito situado nun extremo do núcleo de Brión, á beira da estrada principal, no cruce que leva á escola.
Plataforma de tres chanzos sobre a que se ergue un fuste octogonal.
Capitel con molduras que sostén unha capela sen imaxe, coroada por unha cruz de sección cadrada cun cristo no anverso.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-064**
		Nº DE PLANO	**2.32**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro de capeliña de Or	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Or	X	518.634
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.723.583
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SRPO		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963





Cruceiro de capeliña realizado en cantería de granito, situado ao noroeste do núcleo, sobre o cruce principal de acceso. Plataforma de tres chanzos sobre a que se ergue un fuste prismático coas arestas achafranadas coa data de construción inscrita (1651).
Capitel troncopiramidal con relevo frontal que sostén unha capela cunha imaxe tallada en madeira, e remata nunha cruz de sección cadrada con remates nos vértices e cun cristo no anverso.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-065**
		Nº DE PLANO	**2.32**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro de Montiño	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Meiquiz	X	518.554
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.723.325
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SREPPX		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de granito á beira da estrada que comunica os núcleos de Meiquiz e A Igrexa.
Plataforma de catro chanzos de granito e base prismática con relevos nos extremos superiores e molduras centrais.
Fuste octogonal de sección cadrada no contacto coa base, e cunha imaxe de San Xoán na parte superior.
Capitel troncopiramital inverso decorado con volutas, anxos alados e follas de acanto, que sostén unha cruz con remates nos vértices, cun cristo no anverso e unha virxe no reverso.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-066**
		Nº DE PLANO	**3.23F**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro de Pantel	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Abuín	X	517.712
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.721.814
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro situado á beira da estrada principal, ao norleste do núcleo.
Fuste octogonal con inscrición central e capitel cadrado decorado con baixorelevos, que sostén unha cruz sinxela sen imaxe, que sustitúe á orixinal.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-067**
		Nº DE PLANO	**3.21H**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro de Rial	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Rial	X	519.003
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.722.839
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro situado á beira da estrada principal que atravesa o núcleo polo leste.
Está asentado sobre unha plataforma de granito que compensa o desnivel entre as dúas rúas.
Base cadrada con toro e escocias, apoiada sobre catro chanzos e fuste octogonal con dúas figuras no extremo inferior, que representan a Adán e a Eva.
Capitel decorado con volutas e cunchas, coroado por unha cruz de sección circular e aspecto leñoso cun cristo no anverso e unha virxe no reverso.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-068**
		Nº DE PLANO	**3.22G**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro de Veliña	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Rañó	X	518.308
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.722.400
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de granito situado na praza central do núcleo.
Plataforma de catro chanzos e base prismática sobre a que se ergue un fuste de sección circular.
Capitel troncopiramidal inverso con molduras, que sostén unha cruz de sección octogonal con remates nos vértices cun cristo no anverso e unha virxe no reverso.
Existe outro cruceiro no núcleo (C-72), situado no Parque de Josefa Cerqueiras, ao outro lado da estrada principal.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-069**
		Nº DE PLANO	**3.20G**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro do Calvario	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	A Igrexa	X	518.366
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.722.989
TITULARIDADE:	PÚBLICA		

ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO	
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral	
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR	BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137	Decreto 571/1963



Cruceiro principal do viacrucis do Calvario (C-76), situado á beira da estrada principal, ao norte do núcleo.
Está situado a un nivel superior con respecto á rúa, sobre unha plataforma de dous chanzos.
Base prismática coas arestas redondeadas sobre a que se ergue un fuste octogonal que remata nun capitel troncopiramidal inverso decorado con volutas e motivos vexetais.
Cruz de brazos octogonais con remates cuadrangulares nos vértices e cun cristo no anverso.
Existen outras tres cruces (C-71, C-73 e C-74) no camiño á igrexa (A-12) con viacrucis sobre o muro do adro (C-75) e cruceiro no cemiterio (C-70).

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-070**
		Nº DE PLANO	**3.21G**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro do Cemiterio	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	A Igrexa	X	518.299
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.722.764
TITULARIDADE:	INSTITUCIONAL		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963





Cruceiro de granito no interior do cemiterio, xunto á Igrexa Parroquial de Santa María de Leiro (A-12).
Base prismática sobre a que se ergue un fuste octogonal con de sección cadrada no contacto coa base.
Capitel troncopiramidal inverso con molduras, que sostén unha cruz sen imaxes de sección octogonal con remates cuadrangulares nos vértices superiores.
Panteón (O-4) no acceso ao cemiterio dende o adro, delimitado por un muro de cachotería con viacrucis (C-75).

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-071**
		Nº DE PLANO	**3.20G**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro do Cura	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	A Igrexa	X	518.330
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.722.905
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de granito situado á beira da estrada principal do núcleo, xunto ao acceso á finca da casa reitoral (A-14).
Plataforma de catro chanzos e base prismática, sobre a que se ergue un fuste octogonal con sección cadrada no apoio e unha imaxe na parte central.
Capitel decorado con volutas e motivos vexetais que sostén unha cruz de sección rectangular cun cristo no anverso e unha virxe no reverso.
Varias cruces nesta estrada: Viacrucis do Calvario (C-76) e cruceiro (C-69) ao norte, e dúas cruces ao sur (C-71 e C-74) de camiño á igrexa (A-12).
Existe outro viacrucis sobre o muro do adro (C-75) e outro cruceiro no cemiterio (C-70).

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-072**
		Nº DE PLANO	**3.21G**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro dos Zapateiros	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Rañó	X	518.803
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.722.477
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de granito situado na Área de lecer Josefa Cerqueiras, con accesos dende a estrada principal e dende o camiño lateral que leva á Casa-Escola Vicente Vidal (B-21) e á pista deportiva.
Plataforma de cinco chanzos e base cadrada coas arestas superiores achafranadas e detalles nos vértices.
Fuste octogonal de sección cadrada con molduras no contacto coa base, e unha figura dun bispo na parte central.
Capitel con decoracións florais e volutas, que sostén unha cruz de sección cadrada e vértices moldurados cun cristo no anverso e unha piedade no reverso.
Existe outro cruceiro no núcleo (C-68), situado na praza central ao outro lado da estrada.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-073**
		Nº DE PLANO	**3.20G**
DENOMINACIÓN:	Cruz da reitoral	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	A Igrexa	X	518.336
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.722.915
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruz de granito situada diante do muro da casa reitoral (A-14), xunto ao cruceiro (C-71), nun extremo da finca. Cruz latina co brazo inferior mais longo apoiado sobre unha base prismática. Fuste octogonal, con remate superior de sección cadrada, sobre o que se ergue unha cruz sen imaxes con arestas achafranadas e vértices decorados.
Varias cruces nesta estrada: Viacrucis do Calvario (C-76) e cruceiro (C-69) ao norte, e unha cruz (C-74) de camiño á igrexa (A-12).
Existe outro viacrucis sobre o muro do adro (C-75) e un cruceiro no cemiterio (C-70).

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-074**
		Nº DE PLANO	**3.21G**
DENOMINACIÓN:	Cruz de A Igrexa	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	A Igrexa	X	518.308
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.722.841
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruz de granito situada no camiño á Igrexa Parroquial de Sta. María de Leiro (A-12), con viacrucis sobre o muro do adro (C-75) e un cruceiro no cemiterio (C-70).
Pequena cruz latina de sección cadrada apoiada sobre unha base prismática.
Varias cruces nesta estrada: Viacrucis do Calvario (C-76), dous cruceiros (C-69 e C-71), e unha cruz (C-73) xunto á casa reitoral (A-14).

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-075**
		Nº DE PLANO	**3.21G**
DENOMINACIÓN:	Viacrucis do muro do adro da Igrexa Parroquial	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	A Igrexa	X	518.301
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.722.802
TITULARIDADE:	INSTITUCIONAL		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR	BIC	
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137	Decreto 571/1963	





Viacrucis sobre o muro do adro da Igrexa Parroquial de Sta. María de Leiro (A-12).
Cruces latinas sen imaxes, de sección cadrada e arestas achafranadas, con remates nos extremos. Realizadas en cantería de granito, están apoiadas sobre bases cúbicas empotradas no muro de cachotería do adro
Cruceiro (C-70) no cemiterio parroquial e varias cruces no camiño á igrexa: Viacrucis do Calvario (C-76), dous cruceiros (C-69 e C-71), e dúas cruces (C-73 e C-74) xunto á casa reitoral (A-14).

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-076**
		Nº DE PLANO	**3.20G**
DENOMINACIÓN:	Viacrucis do Calvario	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	A Igrexa	X	518.370
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.722.985
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SNR		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Viacrucis composto por seis cruces situadas a ambos lados da estrada principal do núcleo, en torno a un cruceiro (C-69). Cruces latinas sen imaxes, apoiadas sobre plataforma cadrada e base prismática, realizadas en cantería de granito. Sección cadrada coas arestas achafranadas con decoración sinxela nos vértices superiores e brazo inferior mais longo apoiado directamente sobre a base.
Varias cruces no camiño á igrexa (A-12): dúas cruces (C-73 e C-74) xunto á casa reitoral (A-14), viacrucis do adro (C-75) e cruceiro do cemiterio (C-70).

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-077**
		Nº DE PLANO	**2.35**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro da Agra de Boreiros	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Abuín	X	517.953
PARROQUIA:	LEIRO (SANTA MARÍA)	Y	4.722.093
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SREPAU,SREPI		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963





Cruceiro de granito situado na Zona Recreativa de A Lomba, entre os núcleos de Rañó e Abuín.
Plataforma de planta cadrada composta por cinco chanzos e base prismática con molduras xeométricas nas catro caras.
Fuste circular, con remate en sección cadrada moldurada no contacto coa base, e capitel con decoración vexetal e rostros de anxos nas frontes.
Cruz latina de sección circular e aspecto leñoso, cun cristo no anverso e unha virxe no reverso.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-078**
		Nº DE PLANO	**3.20D**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro de O Bosque	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	O Bosque	X	515.517
PARROQUIA:	RIANXO (SANTA COMBA)	Y	4.723.221
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SU		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963





Cruceiro de granito situado no cruce de O Bosque, ao leste da rúa de Pazo.
Plataforma de tres chanzos, con moldura perimetral no chanzo superior sobre o que apoia unha base cadrada con remates nos vértices e decoración xeométrica nas caras.
Fuste octogonal con sección cadrada no contacto coa base e capitel decorado con motivos vexetais que sostén unha cruz latina sen imaxes.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-079**
		Nº DE PLANO	**3.19D**
DENOMINACIÓN:	Cruz de O Pazo	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	O Pazo	X	515.614
PARROQUIA:	RIANXO (SANTA COMBA)	Y	4.723.448
TITULARIDADE:	PRIVADA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SU PE-2		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruz de granito sobre o muro de peche dunha vivenda situada á beira da estrada principal, nun dos cruces de acceso a O Pazo.
Cruz latina sen imaxes co brazo inferior mais longo apoiado sobre unha base cadrada.
Sección cadrada coas arestas achafranadas e decoración nos tres vértices superiores e nos extremos do brazo lonxitudinal.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-080**
		Nº DE PLANO	**3.21D**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro da Fonte	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Rianxiño	X	515.742
PARROQUIA:	RIANXO (SANTA COMBA)	Y	4.722.643
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SU PE-2		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de granito situado no acceso sur de Rianxiño, nas proximidades do Pazo dos Viturro (B-27) e a un lavadoiro (L-26).
Plataforma de dous chanzos e base composta por un corpo con toro e escocias.
Fuste octogonal, de sección cadrada con relevos xeométricos no contacto coa base, e capitel con volutas, rostros de querubíns e decoración vexetal.
Cruz de sección circular e aspecto leñoso cun cristo no anverso e unha virxe no reverso.
Existe outro cruceiro (C-81) no acceso oeste do núcleo.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-081**
		Nº DE PLANO	**3.21D**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro de Rianxiño	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	Rianxiño	X	515.677
PARROQUIA:	RIANXO (SANTA COMBA)	Y	4.722.719
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SU PE-2		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de granito situado no acceso oeste de Rianxiño, ao final da Rúa de San Xosé, que parte da capela do mesmo nome (A-17).
Plataforma de tres chanzos e base prismática coas arestas superiores achafranadas.
Fuste octogonal con molduras no contacto coa base e pequeno capitel decorado con motivos xeométricos.
Cruz de sección cadrada e remates nos vértices, coa imaxe dun cristo no anverso e dunha virxe no reverso.
Existe outro cruceiro (C-80) no acceso sur do núcleo.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-082**
		Nº DE PLANO	**3.22C**
DENOMINACIÓN:	Cruceiro da Funcheira	SITUACIÓN (COORD. UTM):	
LOCALIZACIÓN:	As Cortes	X	515.451
PARROQUIA:	RIANXO (SANTA COMBA)	Y	4.722.015
TITULARIDADE:	PÚBLICA		
ESTADO DE CONSERVACIÓN:	BO		
GRAO DE PROTECCIÓN:	Integral		
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:	SU		BIC
USOS E ACTUACIÓNS:	Normativa. Artigos 136 e 137		Decreto 571/1963



Cruceiro de granito situado na marxe norte da rúa da Fincheira, no cruce de camiños que baixa a Tanxil, na esquina dun edificio de vivendas.
Plataforma elevada de muros de cachotería e dous chanzos de sección cadrada e arestas achafranadas.
Base prismática con relevos que sostén un fuste circular cunha peza cúbica no contacto coa base.
Cruz de formigón de sección cadrada sobre un pequeno capitel sinxelo, cun cristo no anverso e unha virxe no reverso.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

TIPOLOXÍA	**CRUCEIROS**	CÓDIGO	**C-083**
